INVENTOS GALEGOS

TECIDO CON FIBRA ÓPTICA

SOFÍA SUÁREZ SÁNCHEZ 2ºESO D

Índice

Descrición do invento.....1
Quen foi a inventora?.....2
Opinión persoal.....3

DESCRICIÓN DO INVENTO

Con carácter xeral e mesmo introdutorio, pódese afirmar que son dúas as características que definen este invento: a súa peculiaridade e a súa utilidade práctica. Dito invento consiste na creación de novos tecidos mesturando la con fibra óptica, de xeito que as prendas resultantes ilumínanse na escuridade, sendo esta propiedade moi útil para variados usos. Entre outros, a súa inventora aplicouno a un tecido cuxa función era solucionar os terrores nocturnos da súa filla de 5 anos, e así esta non tiña que durmir coa luz acesa. Outra utilidade é a decoración, coa fin de crear ambientes cálidos nos diferentes espazos.

QUEN FOI A INVENTORA?

Inés Rodríguez, a inventora desta innovación, foi inspectora de Facenda ata o ano 2011, concretamente ata o 14 de febreiro. Despois de poñer en perigo a súa vida na estrada por mor do número de quilómetros que realizaba cada día, dende o seu lugar de residencia en Allariz, Ourense, ata o lugar onde se atopaba o seu traballo, na provincia de Pontevedra, decidiu que debía cambiar o seu ritmo de vida. Este suceso fixo que a nosa innovadora decidira deixar o seu traballo, malia ser un posto fixo e ben pagado, para poder desfrutar da súa familia e do seu pobo no rural. Foi entón cando comezou a desenrolar a súa creatividade e iniciou un novo proxecto na artesanía.

Inés dende entón foi determinada como unha “paridora de ideas”, debido ás numerosas ideas de éxito, coas que obtivo a fama que posúe hoxe en día. As innovacións máis destacadas foro a creación dun tecido co fibra óptica, do que estou a falar neste proxecto, e un tecido con fibra de proteína láctea, do cal fabrica mantas para bebés.

OPINIÓN PERSONAL

Na miña opinión, Inés Rodríguez é un exemplo a seguir, xa que ten moito mérito o seu traballo e os seus descubrimentos. Ela tiña un posto de traballo moi bo e asegurado, e tivo o valor de abandonalo para emprenderse nun novo proxecto de vida, a artesanía, no cal non tes o éxito asegurado, pero Inés, ben merecido, conseguiuno.

Penso que este caso sérvenos para aprender a perderlle o medo ao descoñecido e para facer o que de verdade nos gusta nas nosas vidas, pois non sempre o que aparenta ser o mellor acábao sendo